

IES SALVADOR DE MADARIAGA

CONCRECIÓN CURRICULAR

1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS DA ETAPA AO CONTEXTO DO CENTRO.

Seguindo os obxectivos de etapa sinalados no DECRETO 156/2022 e 157/2022, do 15 de setembro, polos que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, respectivamente, e as características propias do IES Salvador de Madariaga, sinalamos como obxectivos

1.1. ESO:

- Actuar como cidadáns democráticos, asumindo os deberes e exercendo responsablemente os dereitos
- Adquirir hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo.
- Asumir o respecto á igualdade de dereitos e oportunidades entre sexos e rexeitar actitudes que supoñan discriminación entre eles.
- Fortalecer a capacidade de relación con outras persoas, desbotar condutas baseadas en prexuízos e procurar a resolución pacífica dos conflitos.
- Adquirir novos coñecementos mediante o desenvolvemento de destrezas básicas na utilización crítica de diferentes fontes de información, así como unha preparación básica no campo das tecnoloxías, en especial as da información e comunicación.
- Adquirir novos coñecementos mediante o desenvolvemento de destrezas básicas na utilización crítica de diferentes fontes de información, así como unha preparación básica no campo das tecnoloxías, en especial as da información e comunicación.
- Comprender e expresar con progresiva corrección, oralmente e por escrito, textos e mensaxes na lingua galega e na lingua castelá e iniciarse no coñecemento lingüístico, no estudo da literatura e na lectura en ambas as dúas linguas.
- Comprender e expresar mensaxes orais e escritos de dificultade progresiva, ao menos nunha lingua estranxeira.
- Comprender que o coñecemento científico é un saber integrado que se estrutura en diversas disciplinas interrelacionadas e coñecer os métodos que nos aporta para identificar e resolver problemas nos diferentes campos da experiencia.
- Coñecer e valorar aspectos básicos do patrimonio cultural e artístico e da historia das sociedades e das persoas, homes e mulleres, protagonistas do seu desenvolvemento.

- Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento na totalidade das súas dimensións físicas e psicolóxicas para ser quen de desenvolver hábitos de coidado e saúde por medio da alimentación correcta, a educación física e o deporte e o equilibrio persoal.
- Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

1.2. Bacharelato:

- Exercer criticamente a cidadanía democrática con conciencia cívica responsable inspirada nos dereitos humanos e as leis fundamentais de España e Galicia na procura dunha sociedade xusta, equitativa e sustentable.
- Reforzar a madurez persoal e social desenvolvendo a autonomía, o espírito crítico e a actitude favorable á resolución pacífica de conflitos.
- Fomentar a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar as desigualdades existentes e rexeitar todo tipo de actitudes discriminatorias coas persoas.
- Reforzar a disciplina persoal e os hábitos de lectura e estudo para mellorar a aprendizaxe e potenciar o desenvolvemento persoal.
- Dominar, dentro das previsións curriculares, a expresión oral e escrita na lingua galega e na lingua castelá.
- Expresarse con capacidade comunicativa nunha ou máis linguas estranxeiras.
- Utilizar eficaz, crítica e responsablemente as tecnoloxías da información e comunicación.
- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e principais factores da súa evolución e aplicarlos na comprensión e mellora do seu contorno social.
- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade de Bacharelato elixida.

- Comprender os elementos e procedementos fundamentais dos métodos científicos e da investigación, sendo capaz de valorar de forma crítica non soamente as melloras que provocan nas condicións de vida senón tamén os efectos derivados dunha incorrecta utilización, tanto nas persoas como no medio natural.
- Afianzar o espírito emprendedor desenvolvendo a creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo e autoconfianza
- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o sentido estético como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal
- Reforzar condutas de traballo en equipo e hábitos saudables mediante a práctica da educación física e o deporte.

2. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Entendemos por competencias clave aquelas que debe desenrolar o noso alumnado ao final da etapa educativa para incorporarse á vida adulta, exercer os seus dereitos e deberes como cidadán e desenrolar unha aprendizaxe permanente durante toda a súa vida.

A finalidade das competencias é integrar todas as aprendizaxes, das distintas áreas ou materias. O estudante poderá así integrar os contidos e utilizalos de forma efectiva en distintos contextos e situacións reais. Cada área ou materia contribúe ao desenrolo das diferentes competencias.

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Estas competencias clave deben contribuír ao desenvolvemento integral do alumno/a como persoa que vive nunha situación social determinada na que algúns dos temas son problemáticos, desde unha concepción humanística, apostando por unha educación nun sistema de valores que podería resumirse nunha actitude democrática, responsable, tolerante e favorecedora da participación activa e solidaria na sociedade.

Na sesión de avaliación final ordinaria na ESO e ordinaria e/ou extraordinaria no Bacharelato, o profesorado decidirá de maneira consensuada sobre cada alumno e alumna outorgando, para cada competencia, unhas valoracións.

3. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Serán elementos transversais de tratamento xeralizado en todas as materias, sen perxuízo doutras que se aborden especificamente nas materias de cada etapa:

- A comprensión lectora
- A expresión oral e escrita
- A comunicación audiovisual
- As tecnoloxías da información e da comunicación
- O emprendemento social e empresarial.
- O fomento do espírito crítico e científico.
- E educación emocional e en valores.
- A igualdade de xénero.
- A creatividade.
- A educación cívica e constitucional.

Tamén se fomentará:

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

- A participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.
- Actividades que afiancen hábitos de vida saudables e de respecto ao medio ambiente e ao crecemento sostible.

Evitaranse:

- Os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente

Traballaremos estes valores mediante:

- Actividades incluídas nas Programacións
- Plan Biblioteca/Plan interdisciplinar do Centro para cada curso.
- Conmemoracións acordadas
- Plan Director.
- Participación de asociacións externas ao centro.

4. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, establece como orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula:

- Partir dunha planificación rigorosa dos obxectivos, dos recursos necesarios, dos métodos didácticos máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe.
- Os métodos didácticos débense elixir en función do que se sabe que é óptimo para alcanzar as metas propostas e en función dos condicionantes en que ten lugar o ensino

para acadar unha aprendizaxe competencial no alumnado: natureza da materia, condicións socioculturais, dispoñibilidade de recursos e características dos alumnos e alumnas.

- Os métodos deben partir da perspectiva do docente como orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial no alumnado; ademais, débense enfocar á realización de tarefas ou situacións-problema, formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.
- As metodoloxías seleccionadas polos docentes para favorecer o desenvolvemento competencial dos alumnos e alumnas se debe axustar ao nivel competencial inicial destes. Ademais, é necesario secuenciar o ensino de tal modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outras máis complexas.
- Un dos elementos clave no ensino por competencias é despertar e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe. Os métodos docentes deberán favorecer a motivación por aprender nos alumnos e alumnas e, para tal fin, os profesores deben ser quen de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias. Así mesmo, co propósito de manter a motivación por aprender, é necesario que os profesores procuren todo tipo de axudas para que os estudantes comprendan o que aprenden, saiban para que o aprenden e sexan quen de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.
- Para potenciar a motivación pola aprendizaxe requírense metodoloxías activas e contextualizadas. Aquelas que faciliten a participación e implicación do alumnado e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.
- As metodoloxías activas débense apoiar en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.
- As estratexias interactivas son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e dinamizar a sesión de clase mediante o intercambio verbal e colectivo de

ideas. As metodoloxías que contextualizan a aprendizaxe e permiten a aprendizaxe por proxectos, os centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseada en problemas favorecen a participación activa, a experimentación e unha aprendizaxe funcional que vai facilitar o desenvolvemento das competencias, así como a motivación dos alumnos e alumnas ao contribuír decisivamente á transferibilidade das aprendizaxes.

- O traballo por proxectos, especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias, baséase na proposta dun plan de acción co que se busca conseguir un determinado resultado práctico. Esta metodoloxía pretende axudar o alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso en que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorécese, por tanto, unha aprendizaxe orientada á acción na cal se integran varias áreas ou materias: os estudantes poñen en xogo un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais, é dicir, os elementos que integran as distintas competencias.
- Así mesmo, resulta recomendable o uso do portfolio, que proporciona información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.
- A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.
- É necesaria unha adecuada coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos débense propor unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados. Esta coordinación e a existencia de estratexias conexas permiten abordar con rigor o tratamento integrado das competencias e progresar cara a unha construción colaborativa do coñecemento.

- Garantizarase a promoción dos principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA) na atención educativa da diversidade.

5. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os Departamentos didácticos poderán establecer os materiais curriculares, entendendo por estes aqueles que son utilizados no desenvolvemento das clases e que serven de guía ou elemento vertebrador da materia ao longo do curso.

Poderán ser:

- Libros de texto (formato papel ou dixital). Publicados por editoriais, suxeitos a dereitos de autor, identificados polo correspondente ISBN e deseñados especialmente para cumprir co currículo vixente.
- Recursos TIC.
- Libros de consulta ou lectura. Publicados por editoriais, suxeitos a dereitos de autor, identificados polo correspondente ISBN, que poderían ser utilizados na súa totalidade ou en parte para o seguimento da materia.
- Audiovisuais. Materiais multimedia, suxeitos ou non a dereitos de autor, utilizados para o seguimento da materia.

Os Departamentos didácticos, de maneira consensuada, determinarán os materiais curriculares que utilizarán para as distintas materias e cursos que imparten. No caso de libros de texto, cada Departamento deberá informar á persoa responsable da Secretaría do centro antes do 30 de xuño dos libros de texto ou caderniños de traballo empregados nas materias que imparta o departamento especificando ISBN actualizado, título, autor/es, editorial, lingua, ano de publicación. No caso de materias Edixgal constará “sen libro” e cando non estea definido, constará “sen determinar ata setembro”. O listado dos libros de texto serán publicados na web do centro e nos taboleiros da entrada do centro.

Evitaranse materiais que supoñan un esforzo económico ou unha planificación especial por parte das familias.

Cando un Departamento estime oportuno substituír algún libro de texto antes da finalización do período de vixencia de cinco anos obrigatorio, deberase remitir á Dirección do centro un informe coa debida xustificación antes de finalizar a segunda avaliación. A Dirección do centro solicitará o cambio excepcional do libro de texto á Xefatura territorial, achegando o informe emitido dende o

Departamento. De non obterse resposta favorable antes da finalización das actividades lectivas do curso, manteríase o libro de texto correspondente e non se modificaría, por tanto, a listaxe oficial de libros de texto para o curso seguinte.

6. CRITERIOS DA OFERTA EDUCATIVA, AGRUPAMENTOS EN ÁMBITOS, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE, DE SER O CASO.

A oferta do centro será acordada e aprobada polo Claustro e Consello escolar tendo en conta:

- A normativa vixente: *Decreto 156 e 157/2022 que establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria e o bacharelato*, respectivamente.
- A dispoñibilidade horaria do profesorado para asumir as materias que configuran a oferta.
- O interese do alumnado para configurar a súa formación en función de súa posterior vida laboral ou estudos superiores.
- As modificacións na oferta serán propostas no primeiro trimestre do curso, debatidas en CCP, aprobadas polo Claustro, solicitadas a Xefatura territorial e informadas ás familias antes do período de admisión (xaneiro-febreiro).
- A formación de grupos, dentro da oferta, queda suxeita a existencia do número mínimo de alumnado art. 17 e art. 23 da RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022 que establece un mínimo de cinco alumnas/os para formar grupos nas materias de modalidade e de dez nas optativas de bacharelato; e de dez nas materias de libre configuración do centro, autonómica, troncais e específicas na ESO e aos condicionantes que indique a normativa vixente.

ENSINANZAS		
ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA		
1º CICLO	2º CICLO	
1º - 2º - 3º CURSOS	4º CURSO	
	Ensinanzas académicas	Ensinanzas aplicadas
Edixgal 1º e 2º ESO nas materias de Xeografía e Historia, Matemáticas, Francés, Educación Física, Música, Bioloxía e Xeoloxía, Tecnoloxía.		
Seccións bilingües autorizadas 2º ESO (E. Física, Música, Tecnoloxía) e 3º ESO (Música)		
BACHARELATO		

1º Bacharelato	2º Bacharelato
<ul style="list-style-type: none"> • Ciencias • Humanidades e Ciencias Sociais • Bacharelato Xeral • Artes 	<ul style="list-style-type: none"> • Ciencias • Humanidades e Ciencias Sociais • Bacharelato Xeral • Artes

ITINERARIOS EDUCATIVOS		
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA		
MATERIAS		
1º	<ul style="list-style-type: none"> • Bioloxía e Xeoloxía. • Educación Física. • Educación Plástica, Visual e Audiovisual. • Lingua Castelá e Literatura. • Lingua Estranxeira: Inglés • Lingua Galega e Literatura. • Matemáticas. • Segunda Lingua Estranxeira: Francés ou Alemán • Tecnoloxía e Dixitalización. • Xeografía e Historia. 	<p>Escoller unha entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proxecto Competencial • Relixión Católica <hr/> <p>Libre Disposición de Centro (Cursaranse as dúas):</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reforzo Lingua Castelá • Reforzo Matemáticas
2º	<ul style="list-style-type: none"> • Educación Física. • Física e Química. • Lingua Castelá e Literatura. • Lingua Estranxeira: Inglés • Lingua Galega e Literatura. • Matemáticas. • Música. 	<p>Escoller unha entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proxecto Competencial • Relixión Católica <hr/> <p>Libre Configuración de Centro. Elixir unha entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Afondamento Lingua Galega. • Reforzo Matemáticas

	<ul style="list-style-type: none"> • Segunda Lingua Estranxeira: Francés ou Alemán • Tecnoloxía. • Xeografía e Historia. 		
3º	<ul style="list-style-type: none"> • Bioloxía e Xeoloxía. • Educación en Valores Cívicos e Éticos. • Educación Física. • Educación Plástica, Visual e Audiovisual. • Física e Química. • Lingua Castelá e Literatura. • Lingua Estranxeira: Inglés • Lingua Galega e Literatura. • Matemáticas. • Música. • Xeografía e Historia. 	<p>Escoller unha entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proxecto competencial • Relixión Católica 	
		<p>Optativas. Cursarase unha entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cultura Clásica. • Educación Dixital. • Oratoria. • Segunda Lingua Estranxeira (Francés ou Alemán) 	
4º	<ul style="list-style-type: none"> • Educación Física. • Lingua Castelá e Literatura. • Lingua Estranxeira: Inglés • Lingua Galega e Literatura. • Xeografía e Historia 	<p>Escoller unha entre:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proxecto competencial • Relixión Católica 	
	Escoller unha opción		
	<p>Opción 1</p> <ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas B • Bioloxía- Xeoloxía • Tecnoloxía • Escoller unha entre: <ul style="list-style-type: none"> - Física e Química - Dixitalización 	<p>Opción 2</p> <ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas A/B • Expresión Artística • Música • Escoller unha entre: <ul style="list-style-type: none"> - Latín - 2ª Lingua Estranxeira 	<p>Opción 3</p> <ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas A/B • Economía de Empresa • Escoller unha entre: <ul style="list-style-type: none"> - Latín - Dixitalización • Escoller unha entre: <ul style="list-style-type: none"> - Formación e orientación persoal e profesional. - Música
Optativas			

	Escoller unha materia sinalando por orde de preferencia: <ul style="list-style-type: none"> • Filosofía • Cultura Clásica • Oratoria • Segunda Lingua estranxeira: Francés ou Alemán • Dixitalización • Expresión Artística • Música 				
1º BACHARELATO					
1º	MATERIAS COMÚNS (3h)				
	<ul style="list-style-type: none"> • Educación Física • Lingua Castelá e Literatura I • Lingua Galega e Literatura I • Filosofía • Primeira Lingua estranxeira I: Inglés 				
	Materias modalidade obrigatorias				
	CIENCIAS E TECNOLOXÍA	HUMANIDADES E CC.SS		ARTES	XERAL
	Matemáticas I	Latín I	Matemáticas Aplicadas CC.SS I	Escoller unha entre: - Análise Musical I - Artes Escénicas I	Matemáticas Xerais
	Materias modalidade de opción (4h)				
	Escoller dúas entre: - Física e Química - Bioloxía e CC Mediambientais - Debuxo Técnico I - Tecnoloxía e Enxeñería I	Escoller dúas entre: - Economía. - Grego I. - Historia do Mundo Contemporáneo. - Latín I. - Literatura Universal. - Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I.		- LPM (obligada) Escoller unha entre: - Cultura Audiovisual I - Coro e Técnica Vocal I - Análise Musical I - Artes Escénicas I	- Economía, Emprendemento e Actividade Empresarial. (obligada) Escoller unha entre: - Hª Mundo contemporáneo - Bioloxía e CC Mediambientais - Cultura Audiovisual
	Materias optativas. Escoller unha sinalando por orde de preferencia. (4h)				

	<ul style="list-style-type: none"> Anatomía aplicada Antropoloxía Cultura Científica 2ª Lingua estranxeira: Francés ou Alemán Literatura Galega do século XX e actualidade 	<ul style="list-style-type: none"> TIC I Bioloxía e CC Medioambientais Coro e Técnica Vocal I Debuxo Artístico I Literatura Universal 		
	Escoller unha materia sinalando por orde de preferencia (1h) <ul style="list-style-type: none"> ReCa Obradoiro Inglés Reforzo Lingua castelá Afondamento comprensión lectora e expresión escrita Lingua Galega Reforzo Matemáticas I Reforzo Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais I. 			
2º BACHARELATO				
	MATERIAS COMÚNS (3h)			
	<ul style="list-style-type: none"> Hª de España Lingua Galega e Literatura II Lingua Castelá e Literatura II Lingua Estranxeira: Inglés II Hª da Filosofía 			
	Materias obrigatorias de modalidade. (4h)			
	CIENCIAS E TECNOLOXÍA	HUMANIDADES E CC.SS	ARTES	XERAL
2º	Escoller unha entre: - Matemáticas II - Matemáticas Aplicadas ás CC.SS II	Latín II Matemáticas Aplicadas CC.SS II	Escoller unha entre: - Análise Musical II - Artes Escénicas II	Ciencias Xerais
	Materias opción de modalidade (4h)			
	Escoller dúas entre: - Bioloxía - Debuxo Técnico II. - Física. - Xeoloxía e Ciencias Ambientais. - Química. - Tecnoloxía e Enxeñaría II.	Escoller dúas entre: - Empresa e Deseño de Modelos de Negocio. - Xeografía. - Grego II. - Historia da Arte. - Latín II. - Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.	Escoller dúas entre: - Análise Musical II. - Artes Escénicas II. - Coro e Técnica Vocal II. - Historia da Música e da Danza. - Literatura Dramática.	- Movements culturais e artísticos (Obrigada) Escoller unha entre: - Xeografía - Literatura Dramática - Hª da Música e

			da Danza
Materias optativas. Escoller unha sinalando por orde de preferencia. (4h)			
<ul style="list-style-type: none"> - Métodos Estatísticos e Numéricos. - Tecnoloxías da Información e da Comunicación II. - Psicoloxía. - Segunda Lingua Estranxeira II: Francés ou Alemán. - Xeografía, Historia, Arte e Patrimonio de Galicia. - Coro e Técnica Vocal II - Debuxo artístico II 			
Escoller materia (1h) entre:			
<ul style="list-style-type: none"> - ReCa - Libre disposición de centro: <ul style="list-style-type: none"> • Matemáticas II • Matemáticas aplicadas ás CC.SS II • Creación e redacción de textos argumentativos en Lingua Galega. 			

7. CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

7. 1. Tipos:

7.1.1. Complementarias:

- *Definidas como aquelas que se desenvolven en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan. Así cabe considera as visitas, traballos de campo, viaxes de estudio, conmemoracións e outras semellantes.*

7.1.2. Extraescolares:

- *Aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar, se realizan fóra do horario lectivo e nas que a participación é voluntaria. Poden incluírse as propostas por outros organismos e/ou colectivos e que se realizan fóra do horario lectivo do centro.*

7. 2. Cuestións xerais:

- As actividades complementarias secuenciaranse na ESO e no Bacharelato, priorizando a interdisciplinariedade.
- O profesorado organizador e o Centro velarán porque se cumpran nelas os principios de igualdade, non discriminación e inclusión.

- Terán un carácter pedagóxico, sociabilizador e interdisciplinar na medida do posible.
- As actividades deben estar xustificadas dentro do currículo tanto nos seus obxectivos como na temporalización.
- Non se realizarán actividades complementarias a partir de mediados do mes de abril (2º Bacharelato) e mediados do mes de maio (resto dos cursos).
- Todo o alumnado ten dereito a participar agás aquel alumnado que estea sancionado coa suspensión do dereito de realizar actividades complementarias de xeito documental previo.
- O alumnado que non asista á actividade acudirá ao centro e realizará o traballo programado polo profesorado na clase motivo da actividade.
- Con carácter xeral programaranse actividades que non esixan pago. De non ser así, o alumnado aportará a cuota/prezo da actividade e o transporte, se fora necesario para realizala.
- O profesorado que programe a actividade vixiará, en comunicación co titor/a do grupo, que o alumnado non deixe de participar por falta de medios. Se así fora informará a Vicedirección para tratar o tema.
- Requiren notificación ás familias e autorización de saída do alumnado do centro sexan ou non menores. O profesorado organizador entregará os orixinais das autorizacións a Vicedirección en sobre con data, grupos e nome da actividade.
- Vicedirección encargárase de informar ao profesorado organizador do protocolo Covid e/ou as condicións que rexen no lugar da actividade.
- Debe entregarse en Vicedirección cun mes de antelación: Xustificación da actividade, horario de realización e profesorado acompañante (1/20 alumnos/as). O profesorado acompañante deixará traballo para as sesións ás que non asista. Na semana anterior entregárase o listado co alumnado participante.

7. 3. Viaxes, intercambios, saídas de día completo:

- Programaranse a principio de curso, indicando os obxectivos e temporalización. Esta temporalización será fixada buscando a menor incidencia posible para o resto das materias e sempre respectando as datas bloqueadas con carácter xeral.
- De coincidir intereses de destino na viaxe programada, realizaranse de xeito interdisciplinar.
- Ofertaranse para un grupo/s, materia/s ou actividades organizadas polos departamentos do centro. Definido isto non se poderá ampliar a oferta para completar prazas.
- Búscarase a máxima participación do alumnado para realizala.
- No caso de que non asistan á actividade grupos completos, o resto das materias proseguirán as súas programacións.
- Non se programarán probas durante as datas nas que se realice a actividade.

- A dirección coñecerá as reunións informativas previstas coas familias e o plan da viaxe pormenorizada.
- O profesorado seguirá a ratio de 1/20 alumnos/as agás nos casos en que a saída requira incrementar o número do profesorado asistente, disporá do teléfono móbil do centro e recibirá as dietas correspondientes aos gastos derivados de estar fóra sempre que estes non sexan cubertos pola propia organización.

7. 4. Actividades relacionadas coa conmemoración de datas fixadas pola Administración, polo Centro e de tradición singular:

- Actividades indicadas como conmemoracións nas Instrucións de cada curso académico:
 - A Comunidade Educativa seleccionará aquelas que resulten máis significadas coas liñas de traballo do Centro, coas necesidades pedagóxicas e emocionais do alumnado e co contexto do centro.
 - Acordadas as conmemoracións a celebrar, de xeito colaborativo, estableceranse os responsables de actualas e quedarán incluídas no Plan Xeral de Actividades.
- Actividades relacionadas co PLAMBE. A Biblioteca propón cada curso, despois de enquisa aos departamentos, unha temática de traballo práctico e colaborativo de todo o Centro. A temática de traballo é fixada no mes de xuño do curso anterior ao desenvolvemento.
- O EDL programa actividades específicas que quedan recollidas no Plan Anual de Dinamización da Lingua Galega.
- Graduación do alumnado de 2º de Bacharelato.
- As actividades relacionadas coa tradición singular respectarán os principios de centro público, intercultural/diverso e inclusivo e, do mesmo xeito os membros da Comunidade educativa deberán amosar o debido respecto ás manifestacións culturais do conxunto da Comunidade educativa.
- As actividades relacionadas nos puntos anteriores estarán xustificadas, indicando responsables de dinamización e temporalización.

7. 5. Espazos para Actividades de exposición:

- O Centro dispón dos seguintes espazos para realizar exposicións e/ou apoio de actividades:
 - Entrada do centro: taboleiros brancos, vitrinas centrais.
 - Vitrinas baleiras enfronte da Biblioteca.
 - Oco das escaleiras mediante sistemas colgantes.
 - Taboleiros nos canóns das escaleiras, reservando os dous alargados no acceso á primeira planta.
 - Cortizos temporais nas paredes dos corredores onde haxa espazo. (Por facer)

- A Biblioteca dispón dos seus propios espazos de exposición que están regulados polas medidas Covid ou da propia utilización da Biblioteca.
- En caso de que a actividade requira espazos especiais, non contemplados no punto anterior, buscarase a forma de habilitalos.

7. 6. Actividades propostas por outros organismos e/ou colectivos: ANPA, outros

7. 6. 1. Criterios:

- a) Adaptación á normativa vixente (aceptación de docs. e protocolos do centro)
- b) A utilización dos espazos estará condicionada por:
 - Actividades lectivas do centro.
 - Actividades complementarias programadas polo centro.
 - Actividades extraescolares de especial interese do centro.

7. 6. 2. Espazos dispoñibles:

- Salón de actos
- Aulas
- Ximnasio

7. 6. 3. Horarios de utilización

O horario de utilización está condicionado ao horario do centro.

8. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS, ÁMBITOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES.

Os criterios dos plans de reforzo para o alumnado que promocióne con materias pendentes seguirán o disposto na *Orde do 8 de setembro de 2021*.

Artigo 51. Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se

adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación.
- h) Acreditación da información á familia.

4. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

Para o alumnado que promociona coa materia valorada negativamente cada departamento fixará os procedementos de recuperación seguindo o plan de reforzo establecido polo departamento. De non existir dita materia no curso de promoción, as actividades de recuperación serán realizadas polo xefe/a de departamento.

9. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO.

Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso seguirán o disposto na *Orde do 8 de setembro de 2021*.

Artigo 52. Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de

superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

10. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN, PROMOCIÓN E TITULACIÓN.

10.1. Criterios xerais

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, establece nos artigos 3 e 4 o carácter da avaliación e atención ás diferenzas individuais na avaliación.

As programacións, públicas na páxina web do centro, concretarán os obxectivos, instrumentos, criterios de avaliación e competencias avaliáveis, criterios de cualificación e promoción.

Os criterios xerais do Centro son:

- Planificación temporal das probas de avaliación parcial e final por parte dos titores de acordo co profesorado do grupo. Como máximo só se realizarán dous por día, na medida do posible, agás na avaliación extraordinaria.
- Planificación das probas de avaliación extraordinaria e de pendentos por parte de xefatura de estudo.
- Non se realizarán exames pola tarde, agás as probas de pendentos.
- As probas na ESO e 1º de Bac. adaptaranse aos 50´da sesión.

- O alumnado a quen haxa que flexibilizarlle o tempo, e de non poder ser atendido polo profesorado correspondente, seguirá a proba onde e con quen habilite dirección nese momento.
- Nas probas de 2º Bac. que requiran máis de 50', arbitrase entre o profesorado a dispoñibilidade de máis tempo ou dividirse, cando sexa posible, en dúas sesións.
- A avaliación do alumnado con NEAE adaptará as medidas máis adecuadas ás circunstancias do alumnado e empregarán instrumentos de avaliación variados e diversos.
- Poderanse xuntar grupos para realizar probas no salón de actos facendo reserva previa de día e hora, respectando as clases que teñen adxudicado ese espazo para a impartición das súas materias.
- O alumnado terá dereito á realizar as probas establecidas fóra de data cando xustifique a ausencia ás mesmas da forma legalmente establecida.
- O alumnado ou os seus representantes legais, de ser menor de idade, poden dispor da proba realizada solicitandoa na Secretaría do centro con rexistro de entrada.
- As cualificacións deben estar postas no Xade con 24 h. de antelación á celebración da avaliación correspondente.

10.2. Criterios de promoción e titulación na ESO

10.2.1. Criterios de promoción na ESO

O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece,

Artigo 25. Promoción

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación. Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste artigo e no seguinte.

4. O establecido no punto anterior deste artigo será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular a que se refire o artigo 22, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación. Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste artigo e no seguinte.

4. O establecido no punto anterior deste artigo será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular a que se refire o artigo 22, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo

docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1.

10.2.2. Criterios de titulación na ESO.

O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece,

Artigo 26. Título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

10.2.3. Artigo 9. *Consello orientador*

1. Ao finalizar o segundo curso entregaráselles aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a titoría legal de cada alumna ou alumno un consello orientador. Este consello incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes, así como unha proposta a pais, nais ou titores ou titoras legais, ou, de ser o caso, á alumna ou ao alumno, da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.

2. Igualmente, ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización, todo o alumnado recibirá un consello orientador individualizado que incluíra unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais que se consideran máis convenientes. Este consello orientador terá por obxecto que todo o alumnado atope unha opción adecuada para o seu futuro formativo.

3. Ademais de nos casos anteriores, cando o equipo docente considere conveniente propor a pais, nais, titores ou titoras legais, ou á alumna ou ao alumno a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, ou ao primeiro curso dun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento, nalgún outro curso en que resulte de aplicación, a devandita proposta formularase a través dun consello orientador que se emitirá con esa única finalidade.

4. Este consello orientador elaboraráo o profesorado titor, logo da información recollida na sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación. Levará a sinatura do profesorado titor e da persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación, e o visto e prace da dirección do centro docente. O consello orientador incluírase no expediente da alumna ou do alumno.

10.3. Bacharelato

10.3.1 Criterios de promoción de 1º a 2º

O Art. 23 do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros docentes organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes no marco organizativo que estableza a consellería con competencias en materia de educación e tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

10.3.2. Criterios de titulación.

Decreto 157/2022

5. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

6. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso teñan avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursaren de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tiverse superado previamente.

7. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que unha alumna ou un alumno que cursase o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade ou vía poida pasar ao segundo curso nunha modalidade ou vía distinta, así como o cambio de materias.

A obtención do título de bacharelato desde outras ensinanzas está regulada no artigo 16 da *ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*.

Artigo 24. Título de bacharel

2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.
3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias, agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:
 - a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.
 - b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
 - c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
 - d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.
5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

Artigo 25. Obtención do título de bacharel desde outras ensinanzas

1. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en formación profesional poderá obter o título de bacharel na modalidade Xeral mediante a superación das materias comúns.
2. O alumnado que teña o título de técnica ou técnico en Artes Plásticas e Deseño poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes mediante a superación das materias comúns.
3. Tamén poderá obter o título de bacharel na modalidade de Artes quen superase as ensinanzas profesionais de música ou de danza e supere, ademais, as materias comúns.
4. A nota que figurará no título de bacharel deste alumnado deducirase da seguinte ponderación:
 - a) O 60 % da media das cualificacións obtidas nas materias comúns do bacharelato.
 - b) O 40 % da nota media obtida nas ensinanzas mediante as que se accede á obtención do título, calculada conforme o establecido na súa normativa de ordenación correspondente.

11. PROCEDIMIENTO DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS.

O Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, indica,

Artigo 32. Elección no segundo curso de materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso

1. O alumnado poderá cursar en segundo materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso non cursadas en primeiro. Neste caso, o alumnado deberá acreditar os coñecementos da correspondente materia do primeiro curso.

Esta acreditación poderase realizar:

a) Cursando e superando a correspondente materia de primeiro.

b) O alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo.

En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúne as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso deberá adoptarse segundo criterios obxectivos e avaliados, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. O departamento didáctico correspondente poderá realizar unha proba.

A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Deixarase constancia desta circunstancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, de ser o caso, por medio de observación no informe persoal por traslado

2. No caso de cursar simultaneamente as materias de primeiro e de segundo, a materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que a alumna ou o alumno promocionou ao segundo curso.

Nestes casos a materia de primeiro tratarase de forma análoga ás pendentes e o departamento didáctico que a imparte proporalle un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas, e programará probas parciais para verificar a superación desa materia.

O procedemento de acreditación de coñecementos previos será recollido nas programacións didácticas das distintas materias.

12. PROCEDIMIENTO DE RECLAMACIÓN.

ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, establece con respecto ao procedemento de reclamación:

Artigo 3.3. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, estarase ao disposto na Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato e na Circular 1/2022 pola que se precisan aspectos da Orde do 2 de marzo de 2021.

Artigo 4. Procedemento de revisión no centro

1. O alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán solicitar, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización e funcionamento, ao profesorado e á persoa docente titora cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe, así como sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso. En todo caso, a reclamación formal abranguerá unicamente as cualificacións finais.

2. No caso de que persista o desacordo coa cualificación final obtida nunha área, materia ou ámbito, ou coa decisión de promoción ou titulación adoptada para un alumno ou alumna, este ou as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán solicitar por escrito a revisión da devandita cualificación ou decisión, no prazo de dous días lectivos, ou de ser o caso hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

3. A solicitude que teña por obxecto a revisión dunha cualificación, que conterà cantas alegacións xustifiquen a desconformidade coa cualificación final ou coa decisión adoptada, será tramitada a través da xefatura de estudos, quen a trasladará ao equipo docente ou ao departamento didáctico responsable da área, materia ou ámbito con cuxa cualificación se manifesta o desacordo, e comunicará tal circunstancia á persoa docente titora. Cando o obxecto da revisión sexa a decisión de promoción ou titulación, a solicitude trasladarase á persoa docente titora do alumno ou alumna, como responsable da coordinación da sesión final de avaliación en que a decisión foi adoptada.

6.1. A dirección do centro comunicará por escrito ao alumno ou alumna e ás súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal a ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción ou titulación, o que porá fin ao procedemento de revisión.

8. As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente, que se lle remitirán en formato dixital.

Artigo 5. Procedemento de reclamación ante as xefaturas territoriais

1. No caso de que, tras o procedemento de revisión no centro, persista o desacordo coa cualificación final de curso obtida nunha área, materia ou ámbito ou coa decisión sobre a promoción ou titulación adoptada polo equipo docente, o alumnado, as súas persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal poderán presentar por escrito á dirección do centro docente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada, reclamación ante a xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Seguindo as indicacións anteriores, o centro fai públicos na páxina web do centro o calendario do período de reclamacións e os trámites para levar a cabo o procedemento de reclamación:

1. Revisión e aclaración da cualificación co profesorado da materia/s. Solicítase mediante impreso dispoñible en conserxería.

2. De persistir o desacordo:

- Solicitar a revisión da/s cualificación/s polo/s Departamento/s correspondente/s.
- A solicitude de revisión conterá cantas alegacións xustifiquen a desconformidade.
- O impreso solicítase en conserxería e debe entregarse na secretaría do centro con rexistro de entrada. O alumnado ou os seus representantes legais disporán dunha copia.

3. Notificada por dirección a resolución á reclamación presentada caberá a reclamación ante Xefatura territorial, mediante escrito ante dirección presentado no prazo de dous días hábiles contados a partir do seguinte á comunicación de resolución adoptada ao interesado.

13. CRITERIOS OUTORGAMENTO MATRÍCULAS DE HONRA.

O alumnado que despois da avaliación final de cuarto curso da ESO ou da avaliación final ordinaria de segundo curso de Bacharelato, obtivese unha nota media igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. Concederase, como máximo, a un número de alumnado igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado en cuarto curso ou segundo de bacharelato, respectivamente.

No caso de ser maior o número de alumnado con media igual ou superior a nove puntos que o número de matrículas que o centro poda ofertar, aplicaranse os seguintes criterios de desempate aprobados polo centro:

Matrícula de honra en 4º da ESO.

- Mellor nota media na ESO.
- Maior número de materias cualificadas cun 10 en 4º da ESO.
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 4º da ESO.
- Maior número de materias cualificadas cun 10 en 3º da ESO.
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 3º da ESO.
- Maior número de materias cualificadas cun 10 en 2º da ESO.
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 2º da ESO.
- Maior número de materias cualificadas cun 10 en 1º da ESO.
- Maior número de materias cualificadas cun 9 en 1º da ESO.
- De persistir empate, sorteo público.

Matrícula de honra en 2º de Bacharelato.

- Mellor nota media en 2º de Bacharelato.
- Maior número de materias comúns cualificadas cun 10 en 2º de bacharelato.
- Maior número de materias comúns cualificadas cun 9 en 2º de bacharelato.
- De persistir empate, sorteo público.

14. CRITERIOS PARA ELABORACIÓN E A AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Os Departamentos Didácticos deberán ter en conta o seguinte protocolo para a elaboración das súas programacións didácticas:

1. As programacións serán elaboradas por acordo de todos os membros do departamento, únicas para cada nivel e orientadas e supervisadas pola xefa/e de departamento.
2. As programacións das materias lingüísticas aplicarán criterios similares.
3. Realizarase o seguimento trimestral correspondente que se recollerá en acta.
4. Ao final de curso recolleranse as modificacións que deban realizarse para o curso seguinte.
5. As programacións serán entregadas nos primeiros quince días de curso.
6. Un anexo cos mínimos será publicado na páxina web.

7. O profesorado de cada materia é responsable de dar a coñecer ao alumnado os aspectos básicos da programación, sobre todo no referido aos obxectivos mínimos, criterios e instrumentos de cualificación e promoción, e plan de recuperación para o alumnado que promocióne con materias pendentes do curso anterior.

As programacións didácticas das materias ou dos ámbitos das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos segundo os Decretos 156 e 157/2022, do 15 de setembro:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
- d) Metodoloxía.
 - Concrecións metodolóxicas.
 - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
 - Procedemento para a avaliación inicial.
 - Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.
 - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversal.
 - Concreción dos elementos transversais.
 - Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
 - Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
 - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

15. CRITERIOS DE INCORPORACIÓN ÁS SECCIÓNS BILINGÜES.

15.1. Materias autorizadas.

- Materias impartidas nas seccións bilingües:
 - 1º ESO: Educación Física.
 - 2º ESO: E.Física, Música, Tecnoloxía.

- 3º ESO: Música.
- Oferta curso 22-23:
 - 1º ESO: 1 grupo.
 - 2º ESO: 2 grupos
 - 3º ESO: 1 grupo.

15.2. Criterios de incorporación.

No caso de que haxa máis solicitudes que prazas ofertadas (máximo grupo 30) a incorporación acordarase por:

- Mellor cualificación en inglés no curso anterior.
- Mellor cualificación na materia obxecto de ser impartida en inglés.
- Mellor cualificación media xeral no curso anterior.

16. CRITERIOS DE INCORPORACIÓN AO STEMBACH.

16.1. Criterios de incorporación.

A carga de traballo e especialización fan necesario aplicar criterios obxetivables para a incorporación ao Stembach. Estes son:

- Ter unha media de curso de notable ou superior en 4º da ESO.

16.2. Características, fins e desenvolvemento.

STEMbach	Bacharelato de excelencia.
Destinatario	O alumnado máis motivado para profundizar nos seus estudos respectivos
Finalidade	- Poder acadar a excelencia nos coñecementos, cunha metodoloxía baseada na investigación como principio esencial -Adquirir unha formación actualizada e autónoma que estimule ao alumnado para os futuros estudos universitarios.
Obxectivos específicos	-Promover a vocación do alumnado cara á investigación científica e tecnolóxica. -Favorecer unha mentalidade científica, rigurosa, ordeada e crítica.

	<p>-Mellorar as destrezas comunicativas (orais e escritas), tanto nas linguas cooficiais como nas extranxeiras, facendo fincapé na comunicación e divulgación científica.</p> <p>-Proporcionar unha relación máis estreita entre profesorado e alumnado co propósito de elaborar investigacións de maneira conxunta.</p>
Características xerais	<p>-Comprende dous cursos académicos.</p> <p>-Quen se incorpore a este bacharelato terá garantizada a súa continuidade no segundo curso, en caso de promocionar.</p> <p>-Principio metodolóxico básico: fomentar o pensamento científico e o enfoque práctico de indagación e resolución de problemas, a través da realización dun proxecto de investigación.</p>
Ordeamento das ensinanzas.	<p>-Cursar unha materia de profundización no ámbito científico ou unha materia de enfoque interdisciplinar cunha carga lectiva de dúas ou tres horas semanais fóra do horario ordinario do alumno.</p> <p>-Desenvolver un proxecto de investigación, en segundo curso de bacharelato, relacionado con calquera ámbito de coñecemento das materias cursadas no bacharelato.</p> <p>-Realizar actividades complementarias de formación (conferencias, obradoiros, proxectos, ...) organizadas polo centro en colaboración coas universidades e/ou investigadores de recoñecida competencia.</p>
Proyecto de investigación	<p>-Poderá realizarse de maneira individual ou en grupo, ata un máximo de catro integrantes;</p> <p>-A memoria poderá ter un máximo de 10000 caracteres se é un proxecto individual, ou de 20000 se é colectivo.</p> <p>-Estará codirixido por un docente universitario e tutelado por un docente do alumno no centro.</p> <p>-O alumnado realizará unha defensa pública do traballo durante un máximo de quince minutos expoñendo o traballo realizado, a metodoloxía aplicada, o contido e as conclusións, seguida dun espazo de debate de ata quince minutos para as cuestións que poida aportar a comisión avaliadora.</p>

Requisitos de acceso	<p>-A norma non establece un número máximo de participantes.</p> <p>-Sí que fixa como criterio adicional de selección, se houbera máis aspirantes que plazas, a nota media obtenida en 4º curso de ESO.</p> <p>-Tamén permite fixar adicionalmente outros criterios públicos obxectivos en coherencia cos obxectivos específicos de este bacharelato.</p>
----------------------	---

17. SIMULTANEIDADE DE ESTUDOS.

O DECRETO 157/2022, de 15 de setembro, por el que se establecen la ordenación y el currículo del bachillerato en la Comunidad Autónoma de Galicia.

No marco do establecido neste decreto, a consellería con competencias en materia de educación facilitará a posibilidade de cursar simultaneamente as ensinanzas artísticas profesionais e a educación secundaria. Con este fin, poderanse adoptar as oportunas medidas de organización e de ordenación académica que incluírán, entre outras, as convalidacións.

O alumnado que valida materias por estar cursando simultaneamente estudos da ESO ou Bacharelato coas ensinanzas de Música ou Danza poderá permanecer no centro, no espazo habilitado (Sala de Xuntas) ou abandonalo coa autorización escrita dos pais, nais ou titores legais que será entregada ao inicio do curso.

Á espera da modificación do Real Decreto 242/2009, do 27 de febreiro, polo que se establecen validacións entre as ensinanzas profesionais de música e de danza e a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, así como os efectos que sobre a materia de educación física deben ter a consideración de deportistas de alto nivel ou alto rendemento e as ensinanzas profesionais de danza, manterase como normativa en vigor, a efectos de validación, a Orde do 7 de xullo de 2010.

18. CRITERIOS DE INCORPORACIÓN A PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR E A REFORZOS FÓRA DA AULA.

18.1. Incorporación a PDC

A incorporación aos programas de diversificación curricular rexerese polo establecido no artigo 61 da *Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro,*

polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

19. CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS.

Os criterios para participar en proxectos, plans e programas consensuáranse no primeiro claustro de curso, e atendendo ás necesidades formativas do profesorado e alumnado. Son do noso interese:

PLAN DIXITAL Aprobado en xuño de 2022.

Posta en marcha do Plan de Acción en setembro de 2022, nas seguintes áreas de mellora:

- LIDERADO: Implementación Plan Dixital.
- DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTÍNUO: Mellorar a competencia dixital do profesorado.
- IMPLEMENTACIÓN NA AULA: Promover o emprego da Aula Virtual.
- COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO: facilitar ferramentas e estratexias.

PLAN DE MELLORA

- Obxectivos: Implementar satisfactoriamente o Plan Dixital.
- Mellorar o clima de convivencia no Centro.
- Potenciar a innovación educativa no Centro.
- Acadar unha participación efectiva das familias no Centro.
- Adecuar os documentos institucionais á nova normativa.

PLAN DE IGUALDADE

- Análise da situación do centro.
- Obxectivos coeducativos desenvolto a través do Plan
- Promoción da igualdade de oportunidades de homes e mulleres.
- Prevención, detección e intervención en caso de violencia de xénero.
- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia.
- Medidas concretas de actuación.
 - Organización do centro.

- Eliminación dos estereotipos de xénero.
- Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades.
- Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

PLAN DIRECTOR Novas tecnoloxías/acoso escolar/drogas/violencia de xénero.

PFPP: con tres liñas:

- Plan Dixital
- Biblioteca
- EDixgal

PLAN DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

- Obxectivos xerais: Aproximar a lectura ao alumnado como unha actividade placenteira e de lecer. Converter a biblioteca nun centro de recursos dinamizador da vida cultural do centro. Establecemento dun núcleo temático (centro de interese).

PLAN DE ACOLLIDA Facilitar a chegada ao centro e a integración no mesmo do alumnado, profesorado, familias e PAS.

PLAN DE COMUNICACIÓN

- Interna/Externa (correo, páxina web, abalar).

PLAN IMPLEMENTACIÓN HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE

20. PROCEDIMENTO DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR.

A Concreción curricular articúlase en varios niveis que veñen definidos pola normativa legal, no nivel superior, e polas programacións didácticas e de aula, no nivel inferior. No nivel intermedio establécese a Concreción curricular que, atendendo ao nivel superior e inferior, determina as directrices básicas que rexen a nivel académico para todo o centro. É por isto que na revisión, avaliación e modificación debe de terse en conta secuencialmente a intervención de:

1. A Comisión de Coordinación Pedagóxica deberá establecer as directrices xerais para a elaboración e revisión dos Proxectos Curriculares de Etapa e das Programacións didácticas, incluídas nestes,

con anterioridade ao comezo da elaboración de ditas programacións. Ademais, a Comisión deberá establecer antes do inicio das actividades lectivas, un calendario de actuacións para o seguimento e avaliación dos Proxectos Curriculares de Etapa e das posibles modificacións dos mesmos.

Trimestralmente os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións.

No contexto da avaliación final os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos aspectos incluídos na Concreción Curricular, as propostas de mellora e as modificacións a desenvolver de ser o caso. As modificacións e/ou plans de mellora serán sometidas á aprobación do Claustro e incorporadas á PXA.

2. Os departamentos didácticos poden presentar propostas para a elaboración ou modificación dos proxectos curriculares de etapa e son os responsables de elaborar, a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ás materias integradas no departamento, baixo a coordinación e dirección da xefa/e do departamento. No ámbito das programacións didácticas a concreción curricular:

- Será revisada polo departamento trimestralmente e recollida en acta as modificacións acordadas.
- A avaliación final recollerá as modificacións sinaladas ao longo do curso e as trasladará á programación co acordo de todos os membros do departamento e á CCP aqueles que teñan un carácter xeral.

OUTROS DOCUMENTOS DA CONCRECIÓN CURRICULAR.

A. PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.

B. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

C. PLAN DE ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL.

D. POAP

E. PLAN LECTOR:

- Itinerario informacional. Anexo IV
- Itinerario Lector.

F. PLAMBE. Enlace

G. PLAN DIXITAL.

H. PLAN DE IGUALDADE. En elaboración.